



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA, O DÍA 19 DE XULLO DO  
ANO 2012.**

**Membros que asisten:**

**Alcaldesa-presidenta:** Paula M<sup>a</sup> Fernández Pena (grupo m. PSdeG-PSOE).

Manuel Cuiña Fernández (grupo m. PSdeG-PSOE)  
M<sup>a</sup> Dolores García Troitiño (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Klaus Brey Montaña (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Margarita Campos Espiño (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Antonio Couso Álvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Matías Rodríguez da Torre (grupo m. Mixto)  
María Jesús Penela Mato (grupo m. PP)  
José Antonio Ramos Dobarro (grupo m. PP)  
José Luis Espiño Espantoso (grupo m. PP)  
Marta López Arines (grupo m. PP)  
Luis Juan Arceo López (grupo m. PP).

Asiste : Manuel Asorey Suárez, para toma de posesión como concelleiro polo Partido Popular

**Asiste a interventora do concello:** Isabel Pernas Sánchez.

**Asiste a secretaria xeral do concello :** Cristina Alonso Losada.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Silleda, sendo as **doce horas e dez minutos do xoves 19 de xullo de 2012** (previamente efectuada a convocatoria pola Alcaldesa o 16-07-2012) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Alcaldesa os membros do Pleno enumerados, a interventora, e coa asistencia da secretaria xeral que suscribe e da fe.

**Ábrese a sesión pola presidencia, pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:**

1.- ACEPTACIÓN ACTA NOVO CONCELLEIRO.

A Alcaldesa explica brevemente os trámites efectuados, sen que se produzan intervencións

**Visto o acordo do Pleno de 13 de xuño de 2012, que se transcribe :**

**“ O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente que consta na sesión, de conformidade coa proposta da Alcaldesa de 12 de xuño de 2012 , por unanimidade**

dos presentes (votos en contra: ningún; abstencións: ningunha; votos a favor once: cinco votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo Mixto e cinco dos concelleiros do grupo m. PP) **aproba este acordo:**

**Visto o escrito de renuncia ó cargo de concelleiro** do Concello de Silleda (Pontevedra) presentado polo concelleiro do grupo m. Partido Popular José Carlos Pin Pereiras de data 16 de maio de 2012 (rex entr 16-05-12, nº 2626) .

**Visto o escrito de renuncia anticipada ó cargo de concelleiro** do Concello de Silleda (Pontevedra) presentado polo candidato do Partido Popular José Antonio Vidueiros Sánchez, de data 28 de maio de 2012 (rex entr 29-05-12, nº 2870) , tendo a condición de seguinte (nº 7) na lista da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio de 2011 a efectos de cobertura de vacantes.

**Visto o escrito de renuncia anticipada ó cargo de concelleira** do Concello de Silleda (Pontevedra) presentado pola candidata do Partido Popular Yolanda Novo Canda , de data 28 de maio de 2012 (rex entr 29-05-12, nº 2892) , tendo a condición de seguinte (nº 8) na lista da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio de 2011, a efectos de cobertura de vacantes.

Tendo en conta o anterior, o Pleno acorda :


- **Tomar coñecemento da renuncia ó cargo de concelleiro do Concello de Silleda (Pontevedra) presentada polo concelleiro do grupo m. Partido Popular José Carlos Pin Pereiras** presentada por escrito de data 16 de maio de 2012 (rex entr 16-05-12, nº 2626) facéndose así efectiva segundo esixe o artigo 223 da L.5/1997,22 de xullo, de Administración local de Galicia, o artigo 9 do RD.2568/1986, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais .

- **Asimismo , tomar coñecemento da renuncia anticipada ó cargo de concelleiro do Concello de Silleda (Pontevedra) presentada polo candidato nº 7 da lista do Partido Popular José Antonio Vidueiros Sánchez** por escrito de data 28 de maio de 2012 (rex entr 29-05-12, nº 2870) , e da renuncia anticipada ó cargo de concelleira do Concello de Silleda (Pontevedra) presentada pola candidata nº 8 da lista do Partido Popular Yolanda Novo Canda por escrito de data 28 de maio de 2012 (rex entr 29-05-12, nº 2892), facéndose efectivas , e **proceder como consecuencia á cobertura da vacante** derivada da renuncia do concelleiro do grupo m. Partido Popular José Carlos Pin Pereiras mediante a realización dos trámites necesarios ante a Xunta Electoral Central segundo o artigo 182 da L.O. 5/1985 , 19 de xuño, de réxime electoral xera: o escano se atribuirá ó candidato (ou suplente) seguinte na mesma lista da candidatura do Partido Popular ás eleccións de 22 de maio de 2011, que segundo ésta correspondería ó candidato nº 9 **Manuel Asorey Suárez**

- **Quen segundo este procedemento resulte designado pola Xunta Electoral Central**, deberá presenta-la credencial ante a secretaria xeral do concello, e facer por escrito declaración de intereses antes de tomar posesión ante o Pleno (xurando ou prometendo o cargo segundo a fórmula oficial), incorporándose a un grupo político ( e de ser o caso., nas comisións informativas que corresponda ), segundo os artigos 73 e 75 da L.7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 7, 23, 26 e 30 do RD.2568/1986, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais , art. 221 e seguintes da L.5/1997, 22 de xullo de Administración local de Galicia, e concordantes.

Realicense os trámites que correspondan, remitindo o expediente a Xunta Electoral Central.

Notifíquese ós interesados “.





Realizados polo concello os trámites necesarios para a cobertura da vacante producida no grupo m. PP .

O día 12 de xullo de 2012 Manuel Asorey Suárez, presentou nesta secretaría a credencial de concelleiro expedida con data 25 de xuño de 2012 pola Xunta Electoral Central, así como a declaración de causas de incompatibilidade e actividades , requisitos previos e preceptivos para poder tomar posesión do cargo de concelleiro ante o Pleno, para cobertura da vacante producida no grupo municipal do Partido Popular como consecuencia da renuncia presentada polo concelleiro José Carlos Pin Pereiras efectiva dende o Pleno celebrado o 13 de xuño de 2012.

Tendo en conta o anterior, Manuel Asorey Suárez toma posesión ante o Pleno do Concello de Silleda, segundo a fórmula oficial recollida no Real decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas, deste modo : “ Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado “.

O Pleno queda enterado.

## 2 .- APROBACIÓN DE OPERACIÓN DE CONCERTACIÓN DE CRÉDITO.

A Alcaldesa brevemente explica que este asunto con ten dictamen da Comisión especial de contas e informativa de economía, facenda, réximen interior, urbanismo, medio ambiente e medio rural, por razóns de urxencia segundo os prazos do Ministerio para este asunto.

En primeiro lugar sométese a votación a súa inclusión na orde do día da convocatoria da sesión, sen dictamen, co seguinte resultado:

- Votos en contra: ningún.

- Abstencións: ningún.

- Votos a favor: trece (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo Mixto, e cinco votos dos concelleiros do grupo m. PP e do concelleiro do Partido Popular que tomou posesión neste pleno Manuel Asorey).

Segundo o establecido no artigo 82 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos presentes, o Pleno acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto incluído na orde do día pero sen dictaminar, que declárase urxente:


**APROBACIÓN DE OPERACIÓN DE CONCERTACIÓN DE CRÉDITO.**

Visto o expediente que consta na sesión.

Consta proposta da Alcaldesa de data 16 de xullo de 2012.

Consta o informe da interventora municipal de data 13 de xullo de 2012

**Pásase a tratar o fondo do asunto.**



A alcaldesa, explica brevemente a proposta e o asunto de que trata, explica que houbo empresas que non presentaron a adhesión en prazo e que agora se inclúen este novo prazo que permite o Ministerio; a continuación da lectura á parte dispositiva da proposta.

**Aberto o debate, desenvólvese así:**

O concelleiro José Luis Espiño (portavoz do grupo m. do P.P) di que o seu grupo vai manter o mesmo criterio que no Pleno do mes de marzo e no do mes de maio deste ano sobre este asunto, parécelle algo bo para que poidan cobrar as empresas en época de crise.

O concelleiro Matías Rodríguez (portavoz do grupo m. Mixto) di que vai seguir o mesmo criterio que en plenos anteriores sobre este asunto, considera que será bo para os provedores pero non tan bo para os concellos que van a ter que soportar un coste, os intereses nada baratos deste crédito que se vende como unha maravilla polo Estado pero el pensa que non é ningunha maravilla. Di que os provedores e empresarios non len o BOE e por eso algúns non se deron conta de que pasara o palzo establecido e agora se da un novo prazo para o crédito. Considera que debería mellorarse a información pola administración.


A Alcaldesa manifesta que os provedores deben cobrar , pero debeu pagarse xa no momento en que se fixeron as prestacións e non ter que facelo agora posteriormente, por gastos e actuacións mal feitas polos gobernos locais anteriores. Di que os empresarios teñen un instrumento para o seu beneficio e poder así cobrar, e deben ter interés por enterarse desto. Seguen chegando infinidade de reclamacións e facturas como consecuencia da mala praxis de gobernos locais anteriores ; agora o actual goberno local por este motivo ten que tomar decisións para ello e que non sempre gustan, com se fixo co Plan de Axuste aprobado polo Pleno.

**Pásase á votación ordinaria do asunto**, dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado :

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: trece (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo Mixto, e cinco votos dos concelleiros do grupo m. PP e do concelleiro do Partido Popular que tomou posesión neste pleno Manuel Asorey).

Resulta aprobado, por unanimidade dos presentes.

**O Pleno do Concello de Silleda**, de conformidade coa proposta da Alcaldesa de data 16 de xullo de 2012, visto o informe da interventora municipal de data 13 de xullo de 2012, por unanimidade do presentes aproba este acordo :





Considerando que en cumprimento do previsto polo Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, expediuse e remitiu a correspondente certificación de todas as obrigacións pendentes de pago que reunían os requisitos establecidos no art. 2 do citado Real Decreto-lei.

Visto que o art. 7 do mesmo Real Decreto-lei establece que unha vez remitida a relación certificada prevista no artigo 3, o interventor, no caso de non efectuarse o pago das obrigas recoñecidas, elevará ao pleno da corporación local un plan de axuste, nos termos previstos neste artigo para á súa aprobación antes do 31 de marzo de 2012 e que o plan de axuste deberá remitirse pola entidade local ao día seguinte da súa aprobación polo pleno ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións públicas.

Visto que a disposición adicional 3.5 do Real Decreto-lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, establece que o plan de axuste regulado no artigo 7 do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, elaborárase polas respectivas Corporacións Locais, de acordo coa súa potestade de autoorganización, e presentárase con informe do interventor, para á súa aprobación polo pleno da Corporación Local.

Considerando que o artigo 10 do Real Decreto-lei 4/2012 establece a posibilidade de que as Entidades locais poidan financiar as obrigas de pago abonadas no mecanismo mediante a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo.

Visto que o artigo 7.5 do Real Decreto-lei 4/2012 sinala que valorado favorablemente o plan de axuste entenderase autorizada a operación de endebedamento prevista no artigo 10 do citado Real Decreto-lei.

Considerando o establecido nas anteriores disposicións, a aprobación do Plan de Axuste na sesión plenaria celebrada o 28 de marzo de 2012, a valoración favorable realizada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o 30 de abril de 2012 e o informe emitido pola interventora municipal, de conformidade co establecido no artigo 10 do Real Decreto 4/2012, é polo que o Pleno adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a concertación da operación de endebedamento a longo prazo por importe de 38.014,05 euros, para financiar as obrigas de pago aboadas no mecanismo, coas condicións financeiras que foron fixadas na Orde PRE/773/2012, de 16 de abril, pola que se publica o Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 1 de marzo de 2012, para a posta en marcha do mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das Entidades Locais, e que son as seguintes:

“Sétima. Tipo de interese para o prestatario.

O equivalente ao custo de financiamento do Tesouro Público aos prazos sinalados máis unha marxe máxima de 115 puntos básicos ao que se engadirá unha marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.”

O prazo de duración da operación será de dez anos, con dous anos de carencia na amortización do principal.


De acordo co establecido na Nota informativa emitida polo Ministerio de Facenda en data 9 de xullo de 2012, relativa ao desenvolvemento do procedemento do mecanismo de pagos a provedores das Entidades Locais ( Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro), as Entidades Locais deberán aprobar a concertación das operacións de préstamo ata o día 22 como data límite, eo acordo de aprobación da concertación das operacións de préstamo, deberá ser xenérico en canto ás entidades de crédito coas que se formalizarán as operacións de préstamo, xa que se asignarán polo Instituto de Crédito Oficial (ICO). Nesta mesma nota informativa establécese que as Entidades Locais, unha vez adoptados os acordos de aprobación da concertación das operacións de préstamo, non terán que realizar actuación algunha, xa que as entidades de crédito poranse en contacto con aquelas ao obxecto de formalizar as operacións correspondentes. Esta formalización deberase realizar entre os días 16 e 27 de xullo.

**SEGUNDO.** Remitir unha copia do expediente tramitado ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**TERCEIRO.** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, tan amplamente como en dereito proceda, para a realización de todos cuantos trámites fosen necesarios ou convenientes en orde á execución do acordado, así como para outorgar, no seu día, os correspondentes documentos de formalización.

Non habendo máis asuntoas que tratar, a Alcaldesa da a benvida e felicita ó novo concelleiro Manuel Asorey Suárez, e levanta a sesión ás doce horas e vintecinco minutos do mesmo día, do cal eu, secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, 19 de xullo de 2012.

Vº  Alcaldesa  
Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

  
Cristina Alonso Losada